

2022 O ANO DA QUÍMICA EN GALICIA

BERMEJO, MANUEL R.
FERNÁNDEZ FARIÑA, SANDRA
FERNÁNDEZ GARCÍA, M. ISABEL
GÓMEZ FÓRNEAS, ESTHER
GONZÁLEZ NOYA, ANA M.
MANEIRO MANEIRO, MARCELINO
MARTÍNEZ CALVO, MIGUEL
PEDRIDO CASTIÑEIRAS, ROSA
RODRÍGUEZ SILVA, LAURA
ROMERO CASTRO, MARÍA J.
ROUCO MÉNDEZ, LARA
VELO HELENO, ISABEL

*Grupo de Innovación Docente CienciaNOSA
Universidade de Santiago de Compostela*

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, BEATRIZ
IES Ánxel Fole

GARCÍA SELJO, M. INÉS
IES Lucus Augusti

1. Introducción

Coñecer o pasado é crucial para comprender o presente e ser quen de proxectar o noso futuro. Todo elo implica para nós como educadores que debemos ensinarlle ao noso alumnado o coñecemento da nosa historia para que sexan quen de, coñecendo o seu pasado, poder decidir o seu futuro.

No pasado inmediato, aproveitamos cantas efemérides se celebraron no mundo da Ciencia para facerlles reflexionar ao noso alumnado sobre a transcendencia que eses feitos tiveron na historia da humanidade e como contribuíron ao cambio e á transformación da nosa sociedade (Bermejo et al., 2018; Díaz Pazos et al., 2015; Bermejo et al., 2012).

En todos eses anos o noso grupo de *Innovación Docente en Didáctica e Divulgación Científica CienciaNOSA* veuse na obriga de facer unha profunda reflexión sobre a importancia e a transcendencia de tales acontecementos. Pretendiamos facer unha chamada en alta voz para resaltar eses importantes feitos e reclamar das nosas autoridades académicas, científicas e políticas, así como de todos nós, a implicación neses relevantes acontecementos con actuacións específicas. Aproveitamos tales acontecementos para realizar programacións de maior ou menor alcance tentando levar á nosa sociedade, por medio do noso alumnado, o papel destacado que xogou e xoga a nosa disciplina no desenvolvemento e o progreso da nosa sociedade.

Dende ENCIGA, unha vez máis, o noso grupo quere poñer diante do carro para tirar del e facer do vindeiro ano 2022 un ano frutífero para a proxección social da nosa ciencia.

No ano 2022 celebrarase o **CENTENARIO** do nacemento oficial da Facultade actual de Química de Galicia. Fai máis de 225 anos que se está a ensinar química en Galicia, de modo particular na Universidade de Santiago de Compostela, pero dende o ano 1922 comenzáronse a impartir de forma ininterrompida as materias desta titulación. Co devir dos anos fóronse creando dentro desta facultade novas facultades de ciencias (matemáticas, bioloxía, física, enxeñaría), que chegarían a integrar o abano de titulacións de ciencias do Sistema Universitario Galego. Con motivo deste novo acontecemento o noso grupo quere, como xa fixemos noutras ocasións, presentarvos e ofrecervos a realización dun ambicioso programa de actos. Diante de todos vós queremos presentar esta nova programación para facervos cómplices do seu desenvolvemento e, ao tempo, que sexades xuíces críticos do seu cumprimento.

O noso grupo **CienciaNOSA**, como colectivo, pulará ás distintas instancias académicas do País pola consecución da financiación precisa para a realización de cantos acontecementos sexamos quen de deseñar. Somos conscientes, coma sempre, da limitación das nosas forzas e do escaso interese que na maioría das ocasións teñen as autoridades das diversas instancias, pero faremos o imposible para tratar de comprometerlas na consecución destes obxectivos.

O noso esforzo, o noso afán e o noso desexo de realización da programación está garantido. Chegaremos ata alí onde se nos axude e se nos permita chegar.

Todos debemos comprometermos, na medida das posibilidades de cada quen, para facer o vindeiro **2022 O ANO DA QUÍMICA EN GALICIA**.

2. Referencias bibliográficas

- Bermejo, M. R., Fernández Fariña, S., Fernández García, M. I., Gómez Fórneas, E., González Barcia, L. M., González Noya, A.M., Maneiro, M., Pedrido, R., Rodríguez, L., Romero, M^a J., Fernández, B.,; García Seijo, M. I., (2018). "2019 Ano internacional do sistema periódico. Un proxecto para un país". *Boletín das Ciencias*, 86, 67-68.
- Bermejo, M. R., Maneiro, M., González-Noya, A.M. (2012). "Antonio Casares Vs Emilia Pardo Bazán: Literatura e Química". *Boletín das Ciencias*, 76, 89-90.
- Díaz Pazos, A., González Noya, A. M., Maneiro Maneiro, M., Bermejo Patiño, M.R. (2015). "A luz eléctrica en Galicia no Ano Internacional da Luz". *Boletín das Ciencias*, 81, 61-62.